

Sesión ordinaria do Pleno – 27 de abril de 2018
Asunto: Modificación ordenanza de venta ambulante

Por acordo do Pleno de 17 de febreiro de 2012 aprobouse definitivamente a Ordenanza municipal reguladora da venta ambulante.

A sentenza 421/2018 da Sección cuarta da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo anula o apartado 2 do artigo 10 da citada Ordenanza.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do apartado 2 do artigo 10 da Ordenanza municipal reguladora da venta ambulante en consonancia co disposto na Sentenza 421/2018 da Sección cuarta da Sala do Contencioso administrativo do Tribunal Supremo, nos termos que figuran no expediente, conforme ao seguinte tenor literal:

“Artigo 10. Concesión das autorizacións

(...)

2. A concesión das autorizacións efectuaranse seguindo os seguintes criterios:

a. Terán prioridade aquelas solicitudes nas que as actividades sexan novas ou pouco desenvoltas nos mercados.

b. Cando non existan actividades contempladas no anterior punto ou non se dispoña de espazo para atender a tódalas solicitudes, o procedemento para a concesión de autorización será o seguinte:

-Durante a primeira quincena de cada ano publicarase un anuncio no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal cos postos de venta ambulante que quedaron libres na anualidade anterior e que se consideran necesario cubrir. Os interesados terán un prazo de quince días para presentar a correspondente solicitude e, a adxudicación da autorización tramitarase a través do procedemento de concorrencia competitiva que se estableza en cada momento.

(...)

5. Os comerciantes que solicitasen un posto nun mercado periódico e non se lle concedeu pasarán a formar parte dunha bolsa para cubrir de forma provisional as baixas que se produzan. Bolsa que se creará segundo o indicado no punto 2 deste artigo.”

SEGUNDO.- Someter devandita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, taboleiro de anuncios e páxina web do Concello, polo prazo de trinta días, para que os interesados poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.